

CONVOCATORIA PRAZAS RESIDENCIA

Educación convoca prazas de residencia para estudos postobrigatorios non universitarios 2020/21

1. Convocatoria prazas residencia CRD 2020-2021.

2. Modelo Adxudicación prazas de residencia nos centros residenciais docentes 2020-2021.

3. Documentación complementaria solicitude becas curso 2020/2021.

NOTA IMPORTANTE

A documentación que hai que entregar está detallada no modelo adxudicación prazas de residencia nos centros residenciais docentes 2020-2021 e no artigo 23 da convocatoria de prazas.

Prazo de presentación de solicitudes en período ordinario:

- a) Para o alumnado matriculado en bacharelato, entre o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e o 10 de xullo de 2020 (este incluído).*
- b) Para o alumnado matriculado en ciclos formativos, entre o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e o 3 de agosto de 2020 (este incluído).*

O obxectivo desta é facilitarlle o acceso ao ensino superior ao alumnado que se escolariza en localidades distintas ás do seu domicilio habitual, motivado polo feito de que os estudos que realiza non se imparten en ningún centro sostido con fondos públicos da súa localidade de residencia nin noutra próxima que lle permita o desprazamento diario con facilidade.

As vacantes ofertadas poderán consultarse na páxina web ou taboleiro de anuncios dos CRD aos tres días da publicación da convocatoria.

Requisitos.

A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha concreta modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:

- a) Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.
- b) Tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.

Excepcionalmente, poderán ser eximidos deste requisito os solicitantes nos cales concorran circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas e acreditadas.

Requisitos persoais e académicos da persoa solicitante.

1. Estar matriculada en estudos postobrigatorios non universitarios nalgún dos centros docentes indicados no artigo 1 desta orde no curso 2020/21.
2. Non repetir curso e, no caso de cambio de estudos, non ter abandonado dúas veces estudos iniciados para matricularse noutros estudos distintos
3. Non ter sido expulsada no curso anterior dun centro residencial nin estar sometida a un procedemento disciplinario en trámite, por algunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

No referido aos criterios de valoración, teranse en conta os datos socioeconómicos (composición da unidade familiar, renda, discapacidade e desemprego) e o rendemento académico.

Adxudicación de praza gratuíta.

1. Cando a renda da unidade familiar sexa igual ou inferior ao limiar fixado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo
2. Cando se trate de alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

Adxudicación de praza bonificada.

1. Cando a renda da unidade familiar sexa superior ao limiar 2, a persoa adxudicataria deberá aboar anualmente as seguintes cantidades:

- a) *Ata un 10 %: 565,87 €.*
- b) *Máis do 10 % e ata un 20 %: 867,74 €.*
- c) *Máis do 20 % e ata un 30 %: 1.392,95 €.*
- d) *Máis do 30 %: 2.066,75 €.*